*A **Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE)** e a **Fundación SGAE***
*convocan o **III Premio SGAE de Flamenco Paco de Lucía***
co propósito de estimular e recoñecer a creación dos compositores e compositoras deste xénero



III PREMIO SGAE DE FLAMENCO PACO DE LUCÍA

2025-26

BASES

01 Poderán concorrer membros da SGAE sen límite de idade, con obras do xénero flamenco.

02 Cada participante **poderá presentar unha única obra orixinal.** Ao ser unha obra orixinal, non se admitirán obras que empreguen fragmentos de obras alleas. As obras que inclúan de calquera xeito ou maneira fragmentos de obras alleas serán descualificadas.

A obra presentada a concurso non poderá ter sido estreada nin posta a disposición do público, nin difundida con anterioridade de ningún xeito ou maneira. A título enunciativo e non limitativo, non pode ter sido usada en soportes audiovisuais ou fonográficos ou posta a disposición do público por Internet, nin interpretada en concertos, nin sincronizada en obras audiovisuais, nin tampouco premiada noutro concurso nacional ou internacional.

As obras que se presenten ao premio serán exclusivamente instrumentais.

03 Aceptaranse obras escritas por máis dun compositor ou compositora; é dicir, en coautoría. De tratarse de obras en coautoría, todos os autores e autoras deberán ser socios da SGAE e cumprir os requisitos do número 1 destas bases. Nese caso, e de ser premiada unha obra creada en coautoría, o importe económico do premio dividirase entre todos(as) eles(as) a partes iguais agás acordo distinto entre os coautores ou coautoras, que deberá ser posto en coñecemento da FUNDACIÓN SGAE mediante un escrito asinado por todos(as) eles(as).

04 As obras poderán ser interpretadas polos propios compositores ou compositoras, acompañados ou non por outros músicos, ou por intérpretes designados pola FUNDACIÓN SGAE.

05 Poderase concursar con obras para **solo**, **dúo** ou **trío**, exclusivamente instrumentais, nas que sempre debe estar presente a guitarra, cunha combinación libre dos seguintes instrumentos:

Piano ou teclado (só 1 intérprete)
Batería (só 1 intérprete)
Percusión
Palmas
Contrabaixo acústico ou baixo eléctrico (só 1 intérprete)
Saxo
Trompeta
Frauta

A duración das obras non poderá ser inferior a **catro minutos** nin superior a **sete**. Este requisito será estritamente controlado polos organizadores antes de pasar as obras ao xurado.

06 O premio terá as seguintes fases:

a) Exame das obras en canto ao cumprimento de presentación de toda a documentación esixida e dos requisitos establecidos nas bases. Aqueles(as) concursantes que non presentasen a documentación consonte o previsto nestas bases e cuxa obra non cumpra os criterios de duración establecidos serán descualificados(as).

b) Exame das obras por un xurado (cuxa composición se describe nestas bases) e elección das oito obras finalistas.

c) Concerto final de presentación das obras finalistas. O citado concerto celebrarase na Sala B do Teatro Central de Sevilla o 4 de febreiro de 2026.

07 Para participar, os(as) concursantes deberán enviar a seguinte documentación:

- **Solicitude de inscrición** debidamente cuberta e asinada.
- **Gravación** en MP3 da interpretación en directo da obra.
- **Breve currículum vítae** do(da) participante ou os(as) participantes.
- **Ficha de rexistro** da obra na SGAE ou a **declaración da obra** presentada na **SGAE** que estea en trámite de rexistro.
- Fotocopia do **DNI** ou **pasaporte**.

08 As obras poderán ser presentadas do **21 de outubro de 2025 ao 28 de novembro de 2025 ata as 23:59 h CET dese día**, exclusivamente por vía telemática, enviándoas ao correo electrónico **smoralg@fundacionsgae.org**.

09 **A análise do xurado** fundamentarase na **orixinalidade creativa, risco e calidade das obras.**

10 De entre todas as obras aceptadas, un xurado, designado polo Grupo de Traballo de Flamenco da SGAE e pola Fundación SGAE, e composto por cinco (5) membros, destacados(as) compositores(as), músicos(as) e expertos(as) en flamenco, escollerá as obras finalistas e outorgará os premios. Ningunha das persoas integrantes deste xurado poderá pertencer, á súa vez, ao Grupo de Traballo de Flamenco da SGAE nin ao Padroado da Fundación SGAE.

A resolución do xurado darase a coñecer antes do 31 de decembro de 2025.

11 A **decisión do xurado será inapelable** e os premios outorgaranse consonte o estipulado nestas bases. O xurado poderá declarar o concurso total ou parcialmente deserto. De igual xeito, se o xurado proclamase algún dos catro premios principais con carácter ex aequo (compartido), os(as) gañadores(as) dese premio percibirán a contía do dito premio repartida a **partes iguais entre o número de gañadores(as).**

12 Os(as) participantes galardoados(as) con algún dos **catro premios principais recibirán** unha dotación económica en euros da seguinte orde:

- Primeiro premio **6.000** euros
- Segundo premio **3.000** euros
- Terceiro premio **1.500** euros
- Cuarto premio **1.200** euros

De acordo coa lexislación vixente en España, os premios estarán sometidos a tributación, tanto para persoas que teñan a cidadanía española como para estranxeiros(as), e tanto se os(as) gañadores(as) residen dentro como fóra do territorio español.

13 Os(as) autores(as) cuxas obras resulten premiadas comprometeranse a mencionar nas exhibicións, nas execucións públicas ou en calquera outro acto de comunicación das ditas obras que lles foi outorgado o Premio SGAE de Flamenco Paco de Lucía.

14 Toda a documentación relativa ás obras enviadas que non fosen premiadas conservarase só ata os trinta (30) días seguintes á data na que o xurado adopte a súa decisión. Atenderanse dentro dese período as devolucións expresamente solicitadas. Pasado o prazo sinalado, a documentación e os materiais destruiranse.

15 Os(as) participantes eximen a SGAE e a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou dalgunha outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual na que puidesen incorrer coa súa obra.

16 Polo feito de concorrer a esta convocatoria, os(as) concursantes deberán aceptar integramente as bases do premio, así como as decisións do xurado. En caso de reclamación ou conflito, tanto os(as) participantes como as entidades organizadoras do premio deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital (España) e considerarase como oficial o texto en castelán.

17 Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten os(as) participantes incorporaranse a un ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación do(da) solicitante nesta edición do premio. O(a) titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade de datos e o dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito ao seguinte enderezo: Fundación SGAE, á atención dos Servizos Xurídicos, rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá conter o nome e os apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e haberá de estar acompañado dunha fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. A Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo(a) afectado(a) son veraces e responden á súa situación actual. O(a) afectado(a) obrígase a comunicar a súa modificación dende o momento no que se produza.

ENVÍO DE MATERIAIS

Fundación SGAE – Departamento de Música
smoralg@fundacionsgae.org

INFORMACIÓN

Delegacións xerais e sedes da SGAE en España e
no estranxeiro (consultar enderezos en **www.sgae.es**)

As persoas interesadas poderán efectuar todo tipo de consultas
ou ampliar a súa información sobre estas bases en


FUNDACIÓN SGAE

informacion@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

fundación sgae

Junta de Andalucía
Consejería de Turismo, Cultura y Deporte
Agencia Andaluza de Instituciones Culturales

Fundación Paco de Lucía



III PREMIO SGAE DE FLAMENCO PACO DE LUCÍA
2025-26

III PREMIO SGAE DE FLAMENCO PACO DE LUCÍA
2025-26

FICHA DE INSCRICIÓN*

TÍTULO DA OBRA .....

FORMATO (marcar cun X) Solo ☐ Dúo ☐ Trío ☐

DATOS PERSOAIS

Nome(s) e apelidos* .....

Nº de socio(a) da SGAE .....

Domicilio .....

Código postal .....

Localidade .....

Provincia/País .....

Teléfono(s) .....

Correo electrónico .....

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

CV ☐ Gravación MP3 ☐ Ficha de rexistro da obra na SGAE ou declaración da obra presentada na SGAE que estea en trámite de rexistro ☐ Fotocopia do DNI ou pasaporte ☐

(*) No caso de a obra ter máis dun autor ou autora, deberá achegarse un anexo ou unha fotocopia desta mesma ficha, cuberta por cada un(ha) con todos os datos solicitados.

SINATURA

Coa sinatura desta ficha de participación, o(a) autor(a) autoriza a **Fundación SGAE** a que use os seus datos persoais para a realización de todas as xestións que resulten precisas con miras á súa participación no concurso.

A **Fundación SGAE** é unha entidade sen ánimo de lucro constituída conforme o dereito español baixo a forma xurídica de fundación e que está debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións co número 314. Ten o seu domicilio social na C/ Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid, e está dotada do CIF nº G-81624736.

Entre os seus fins están a promoción de obras musicais e dos autores destas (compositores e letristas), a promoción cultural das obras para a súa revalorización e difusión e a defensa dos dereitos morais dos socios da **SGAE**. Para isto realiza, entre outros, a convocatoria de axudas, premios, concursos, festivais e actividades de formación e de difusión dos dereitos de autor, así como todos os actos de xestión e administrativos precisos para os levar ao efecto.

O(A) CONCURSANTE DECLARA QUE SABE E ENTENDE que coa sinatura deste documento **AUTORIZA** que os datos facilitados nel se incorporen a un ficheiro da **Fundación SGAE** e que se empregarán única e exclusivamente para a xestión da súa participación neste concurso e para lle remitir información periódica sobre a actividade da **Fundación SGAE**.

Con este formulario, **CONSINTO EXPRESAMENTE** que os meus datos se empreguen para estes fins. Así mesmo, **SEI** que, conforme o Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, podo facer uso dos meus dereitos de oposición, acceso, limitación, supresión, rectificación e portabilidade, e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, enviando unha comunicación por escrito xunto co meu nome, apelidos, enderezo, fotocopia do DNI, indicación do dereito exercitado e motivo deste ao seguinte enderezo de correo electrónico: **informacion@fundacionsgae.org**. Do mesmo xeito, **ESTOU INFORMADO(A)** de que podo presentar as miñas reclamacións ante a Agencia Española de Protección de Datos.

D./D.ª .....